



CONCELLO DE A CORUÑA

PORTADA NORMALIZADA DE DOCUMENTO ELECTRÓNICO

TIPO DE DOCUMENTO ELECTRÓNICO		CODIGO DE VERIFICACIÓN SEGURA	
COPIA ELECTRÓNICA AUTÉNTICA DE DOCUMENTO PAPEL (Ley 39/2015 Art. 16.5 y 27) <small>Esta portada no forma parte del documento original en papel</small>		 040S 0A1L 3M0R 5X4R 0XZV	
METADATOS (TEXTO)			
Identificador	RMPE151N62		
Número/Año	76681/2021		
Dependencia Captura	REGISTRO MARIA PITA		
Usuario Captura/Compulsa	MIAO		
Interesado Principal	GRUPO MUNICIPAL DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO		
Representante			
Descripción	Solicitud general		
Páginas	4 (excluyendo esta portada)		
Fecha Documento			
Fecha Registro	25/10/2021 10:59:16		
Fecha Captura	25/10/2021 11:00		
Valor CSV	040S 0A1L 3M0R 5X4R 0XZV		
Tipo de Firma	PADES LONG TERM		
Estado de Elaboración	Copia electrónica auténtica de documento papel (Ley 39/2015 Art.16.5 y 27)		
AVISO LEGAL		FIRMA DIGITAL (HUELLA)	
<p>Este documento electrónico ha sido generado mediante captura y compulsa electrónica por la autoridad competente, resultando una copia electrónica auténtica de documento en papel conforme los artículos 16.5 y 27 de la ley 39/2015, de 1 de octubre, del Procedimiento Administrativo Común de las Administraciones Públicas, el Esquema Nacional de Interoperabilidad y las Normas Técnicas de Interoperabilidad, siendo custodiado en el sistema de información corporativo de conformidad con el Esquema Nacional de Seguridad y teniendo la misma validez y eficacia que los documentos originales. Se puede verificar este documento en la sede electrónica del Ayuntamiento de Coruña.</p>			

O Grupo Municipal do **Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa do seu Portavoz Francisco Xesús Jorquera Caselas, ao abeiro do Regulamento Orgánico Municipal, presenta a seguinte **MOCIÓN sobre a retirada de honras e distincións a Sergio Peñamaría de Llano e a a retirada da simbología franquista no Concello da Coruña.**

Exposición de motivos

No pleno ordinario celebrado o 7 de novembro de 2019, debateuse unha iniciativa do Grupo Municipal do BNG na que se preguntaba ao Goberno Local se a Alcaldesa ía iniciar o procedemento para a revogación das diversas honras e distincións das que goza D. Sergio Peñamaría de Llano, Alcalde da Coruña entre 1959 e 1963.

A razón de ser daquela iniciativa era preguntar se o Concello da Coruña ía atender a petición fomulada polo Concello do Barco de Valdeorras, quen en dúas ocasións se tiña pronunciado solicitando do Concello da Coruña o inicio do procedemento, para así contribuír a promover a reparación moral da veciñanza da comarca de Valdeorras e a recuperar a súa dignidade.

O pasado mes de outubro, o Concello do Barco volveu acordar por unanimidade instar o Concello da Coruña a retirar as honras e distincións a Sergio Peñamaría de Llano, entre elas o nome dunha rúa no barrio do Ventorrillo, solicitando que se substitúa o seu nome polo de Mártires de Valdeorras.

Sergio Peñamaría de Llano foi un dos oficiais ao mando do I Terzo da III Bandeira da Lexión, responsábel da represión na zona do Barco de Valdeorras. Como tenente ao mando da lexión a súa actuación foi salvaxe e inhumana, tal como acreditan numerosas testemuñas recollidas en traballos de recoñecidos historiadores, participando directamente en execucións extraxudiciais, até o punto de ser o propio Sergio Peñamaría de Llano quen daría o tiro de graza a algúns dos asasinados.

Posteriormente integrouse no corpo xurídico militar e participou como fiscal militar en Consellos de Guerra Sumarísimos, como o celebrado o 31 de xullo de 1947, contra dirixentes do PCE.

Os detidos foron sometidos a brutais torturas, tres deles condenados a morte e outros a duras penas de cárcere, respondendo á solicitude do fiscal, Sergio Peñamaría de Llano.

Na súa etapa como alcalde da Coruña un dos grandes "*méritos*" de Peñamaría de Llano foi xogar un papel fundamental para que a Casa Cornide pasase a poder da familia Franco.

A Lei da Memoria Histórica sinala no seu artigo 15 que “as Administracións públicas, no exercicio das súas competencias, tomarán as medidas oportunas para a retirada de escudos, insignias, placas e outros obxectos ou mencións conmemorativas de exaltación, persoal ou colectiva, da sublevación militar, da Guerra Civil e da represión da Ditadura”.

Segundo a Comisión pola Recuperación da Memoria Histórica, na Coruña fican 108 símbolos franquistas sen retirar entre nomes de rúas, edificios e grupos de vivendas; distincións honoríficas e monumentos, escudos, placas ou retratos.

Unha sociedade democrática non pode ter como Fillos Predilectos significados franquistas nin pode manter as rúas de alcaldes da ditadura.

Con esta iniciativa queremos acabar cunha afrenta moral e cunha anomalía, instando a que se revoquen as honras e distincións das que goza Sergio Peñamaría de Llano e se dean pasos decididos para retirar a simboloxía franquista que aínda existe na nosa cidade.

Por todo o devandito o **Pleno do Concello** adopta os **seguintes**:

Acordos

- 1.- *Instar a Alcaldesa da Coruña a iniciar, coa máxima celeridade, o procedemento para a revogación das diversas honras e distincións das que goza Sergio Peñamaría de Llano, Alcalde da Coruña entre 1959 e 1963.*
- 2.- *Instar o Goberno Local da Coruña a dar os pasos necesarios que conduzan á retirada da simbología franquista que aínda existe na cidade da Coruña.*
- 3.- *Instar o Goberno Local a convocar, á maior brevidade posíbel, o Consello da Memoria Democrática.*

A Coruña, 25 de outubro de 2021



Francisco Xesús Jorquera Caselas
Portavoz do Grupo Municipal do BNG

Á ALCALDESA-PRESIDENTA DO CONCELLO DA CORUÑA